



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 4 /2023

**PROTOCOLO DE INTENCIONS ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL PARA ARTICULAR A FINANCIACION E EXECUCION DAS OBRAS DE REMODELACION DAS DÚAS PISTAS DEPORTIVAS DE FÚTBOL 8 EXISTENTES NA ACTUALIDADE NO PARQUE DEPORTIVO DE CARANZA (DEP-5), PARA CONVERTILAS NUNHA ÚNICA PISTA DE FÚTBOL 11 DIVISIBLE EN DÚAS DE FÚTBOL 8.**

Na Coruña, a 31 de marzo de 2023

**REUNIDOS**

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Valentín González Formoso

E doutra parte Don Ángel Mato Escalona, Alcalde do Concello de Ferrol

Os comparecentes interveñen en uso das súas facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

O parque deportivo de Caranza é unha instalación deportiva de titularidade municipal, cuxos terreos foron cedidos pola Xunta de Galicia en propiedade ao Concello de Ferrol

Na actualidade as pistas de fútbol 8 existentes no parque deportivo de Caranza (DEP-5) presentan un avanzado estado de deterioro, en especial a máis próxima á piscina municipal. O estado do césped artificial desta última ten moi baixa calidade o que impide a celebración dos partidos federados, por risco de lesión dos deportistas.

O campo de fútbol 11 está marcado de tal xeito que permite, ademais da práctica desta modalidade, a celebración de dous partidos ao mesmo tempo de fútbol 8, pois é divisible en dúas pistas deste tipo.

Sen embargo, as dúas pistas existentes de fútbol 8, obxecto do futuro proxecto de remodelación están dispostas unha a continuación da outra de xeito lonxitudinal, o que impide a suma destas conforme un campo de fútbol 11.

Ante esta situación, faise necesario modificar a disposición das dúas pistas actuais de fútbol 8, de xeito que as dúas novas situaranse unha ao lado da outra de maneira transversal, para poder xenerar un novo campo de fútbol 11 como resultado da unión das dúas.

Para elo, será preciso unha serie de intervencións , entre elas, modificar o límite sur das pistas de xeito que o devandito límite avance lixeiramente sobre a zona que actualmente está libre; tamén é preciso a modificación do límite norte, de maneira que o noiro existente

avance en dirección á rúa que transcorre polo norte, desmontaxe do alumeado actual e instalación dun novo alumeado, e execución da pavimentación das superficies de xogo, con remate de césped artificial e outras zonas aledañas.

Aproveitando a modificación do talud no límite norte, propónse a instalación dun gradería descuberto.

Tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 36, como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG) no seu artigo 109, establecen como competencias propias das Deputacións Provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios integrantes das mesmas.

No exercicio de tales competencias de asistencia económica ao Concello de Ferrol, a Deputación Provincial da Coruña está disposta a cofinanciar a actuación obxecto deste protocolo.

As actuacións proxectadas pretenden a remodelación das dúas pistas deportivas de fútbol 8 existentes na actualidade no parque deportivo de Caranza (DEP-5), para convertilas nunha única pista de fútbol 11 divisible en dúas de fútbol 8.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes

## **A C O R D A N**

Formalizar o presente **PROTOCOLO DE INTENCIONS** conforme ás seguintes cláusulas:

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

É obxecto deste protocolo establecer as bases da colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para a realización das obras consistentes na "Remodelación das dúas pistas deportivas de fútbol 8 existentes na actualidade no parque deportivo de Caranza (DEP-5), para convertilas nunha única pista de fútbol 11 divisible en dúas de fútbol 8".

### **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

O custo total das obras dentro da actuación contemplada neste protocolo ascende a oitocentos sesenta e tres mil novecentos carenta euros (**863.940,00 €**) distribuídos do seguinte xeito entre as partes asinantes:

- A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento cunha achega máxima de 600.000,00 €, o que representa un 69,4492% do orzamento estimado.
- O Concello de Ferrol financiará un 30,5507% que ascende a 263.940,00 €



- Ambas partes comprométense a buscar calquera tipo de financiación para este proxecto noutras administracións públicas ou noutros entes cofinanciadores.

### **TERCEIRA.- DISPOÑIBILIDADE DE TERREOS**

O Concello de Ferrol asegurará antes do inicio da obra a efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras, así como a reposición de servizos e servidumes.

Non obstante se fose necesario dispor de máis terreos e éstos non fosen propiedade do Concello, tramitará o correspondente procedemento de adquisición ou de expropiación forzosa. Neste último suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.

### **CUARTA.- PERMISOS E LICENZAS**

O Concello de Ferrol asumirá a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto derivado da construción ou explotación das obras de referencia.

No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumirá a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.

### **QUINTA.- PROXECTO DE OBRAS**

Existe unha memoria das obras obxecto de financiamento redactado, e o Concello comprométese á redacción do proxecto e ao pago dos honorarios correspondentes.

### **SEXTA.- INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO**

O Concello de Ferrol someterá o proxecto das obras a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 20 días hábiles, e emitirá unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se xuntará, no seu caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas.

### **SÉTIMA.- CONFORMIDADE DO PROXECTO**

A Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol prestarán con carácter previo á licitación das obras conformidade co proxecto redactado, neste sentido a Deputación fará a correspondente supervisión do proxecto.

### **OCTAVA.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS**

A Deputación da Coruña non contratará a execución das obras, correspondendo ao Concello de Ferrol determinar se as citadas obras serán contratadas polo citado concello ou por outro ente financiador.

### **NOVENA.- DIRECCIÓN DAS OBRAS**

As actuacións consistentes na dirección das obras as levará a cabo a entidade que asuma a contratación das mesmas, no presente caso o Concello de Ferrol, financiándose o seu importe polo Concello de Ferrol.

### **DÉCIMA.- COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE E CONTROL DE CALIDADE**

As labores de coordinación de seguridade e saúde e control de calidade das obras as levará a cabo a entidade que asuma a contratación das mesmas, no presente caso o Concello de Ferrol, financiándose o seu importe polo Concello de Ferrol.

### **UNDÉCIMA.- REFORMADOS E LIQUIDACIÓNS FINAIS**

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario redactar un proxecto reformado, o citado proxecto serán aprobado polo órgano de contratación do ente contratante, previa supervisión dos Servizos Técnicos Provinciais.

Calquera incremento derivado da modificación do contrato e certificación final e liquidación serán por conta do Concello de Ferrol

### **DUODÉCIMA.- RECEPCIÓN DAS OBRAS**

A Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol poderán designar un técnico en representación das institucións para acudir á recepción das obras, se así o consideran oportuno.

A estos efectos o Concello de Ferrol comunicará á Deputación con 10 días de antelación, a fecha e hora da recepción das obras .

O Concello de Ferrol recibirá as obras e, como titular das mesmas, asumirá a súa posta en servizo, explotación e conservación durante un prazo mínimo de dez anos desde o pagamento final ao adxudicatario.

O Concello de Ferrol, unha vez producido o acto formal de recepción das obras, asume a obriga de recibilas no momento no que estas sexan postas á súa disposición, iniciándose o cumprimento e a execución por parte do Concello

### **DECIMOTERCEIRA.- COMISION DE SEGUIMENTO**

A fin de coordinar as actuacións derivadas do presente protocolo poderá constituirse unha comisión de seguimento integrada por dous integrantes de cada unha das institucións nomeados polos seus respectivos presidentes.

### **DECIMOCUARTA.- EFICACIA**

A eficacia do presente protocolo queda condicionada á aprobación do correspondente convenio polos órganos competentes das entidades asinantes e a existencia de crédito adecuado e suficiente.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 4 /2023

En todo caso o prazo máximo de vixencia do presente Protocolo será **dun ano**, a contar desde a súa sinatura.

Conforme o disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a subscripción do presente documento non comporta obrigaón legal nin compromisos xurídicos concretos esixibles para as partes.

Aínda que é firme a vontade de materializar o presente protocolo, ambas as partes renuncian a calquera reclamación ou solicitude de indemnización, se non se producise a aprobación e formalización do convenio de cooperación ou calquera dos compromisos de achega que se recollen no presente documento.

Así o din e asinan, por duplicado exemplar, no lugar e data antes indicados

O PRESIDENTE  
DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Valentín González Formoso

O ALCALDE-PRESIDENTE  
DO  
CONCELLO DE FERROL

Ángel Mato Escalona